



UN lugar da Mancha, do que non quero lembra-lo nome, non hai moito tempo que vivía un fidalgo dos de lanza en lanceira, adarga antiga, rocín fraco e galgo corredor. Unha ola de algo máis vaca ca carneiro, salpicón as máis das noites, ovos e torresmos os sábados, lentellas os venres, algún pombiño de engadidura os domingos, consumían as tres partes da súa facenda. O resto dela levábano saio de velarte¹, calzas de veludo para as festas, coas súas pantuflas do mesmo, e os días de entresemana honrábbase co seu vellorí² do máis fino. Tiña na súa casa unha ama que pasaba dos corenta, e unha sobriña que non chegaba ós vinte, e un mozo de campo e praza, que tanto enselaba o rocín como tomaba a podadeira. Andaba o noso fidalgo polos cincuenta anos; era de complexión rexa, seco de carnes, enxoito de rostro, gran madrugador e amigo da caza. Queren dicir que tiña o sobrenome de Quixada, ou Quesada, que nisto hai algunha diferenza nos autores que deste caso escriben, aínda que por conxecturas verosímiles se deixa entender que se chamaba Quexana. Pero isto importa pouco ó noso conto; abonda que na narración del non se saia un punto da verdade.

É, pois, de saber que este sobredito fidalgo, os momentos que estaba ocioso, que eran os máis do ano, dábbase a ler libros de cabalerías con tanta afección e gusto, que esqueceu case de todo punto o exercicio da caza, e aínda a administración da súa facenda; e chegou a tanto a súa curiosidade e desatino nisto, que vendeu moitas fanegas de terra de sementeira para mercar libros de cabalería en que ler, e así, levou á súa casa todos cantos puido haber deles; e de todos, ningún lle parecían tan ben coma os que compuxo o famoso Feliciano de Silva; porque a claridade da súa prosa e aquelas intrincadas razóns súas parecíanlle de perlas; e máis cando chegaba a ler aqueles recrebos e cartas de desafíos, onde en moitas partes achaba escrito: *A razón da senrazón que á miña razón se fai, de tal maneira a miña razón enfraquece, que con razón me queixo da vosa fermosura. E tamén cando lía: ...os altos ceos que da vosa divindade divinamente coas estrelas vos fortifican, e fanvos merecedora do merecemento que merece a vosa grandeza.*

Con estas razóns perdía o pobre cabaleiro o xuízo, e desvelábase por entendelas e desentrañárlle-lo senso, que non llelo sacaría nin as entendería o mesmo Aristóteles, se resucitase para só iso. Non estaba moi ben coas feridas que don Belianís daba e recibía, porque imaxinaba que, por grandes mestres que fosen os que o curasen, non deixaría de te-lo rostro e todo o corpo cheo de cicatrices e sinais. Pero, con todo, louvaba no seu autor aquel

1. Pano fino, de color negra ou azul.

2. Saio, vestidura que se levaba na rúa debaixo da capa.

acaba-lo seu libro coa promesa daquela inacabable aventura, e moitas veces veulle o desexo de toma-la pluma e darlle fin ó pé da letra, como alí se promete; e sen dúbida ningunha faríao, e aínda sairía con iso, se outros maiores e continuos pensamentos non llo estorbasen. Tivo moitas veces competencia co cura do seu lugar (que era home douto, graduado en Sigüenza) sobre cal fora mellor cabaleiro: Palmeirín de Inglaterra ou Amadís de Gaula; mais mestre Nicolás, barbeiro do mesmo lugar, dicía que ningún chegaba ó Cabaleiro do Febo, e que se algún se lle podía comparar era don Galaor, irmán de Amadís de Gaula, porque tiña moi acomodada condición para todo; que non era cabaleiro melindroso, nin tan chorón coma seu irmán, e que no da valentía non lle quedaba atrás.

En resolución, el mergullouse tanto na súa lectura, que se lle pasaban as noites lendo de claro en claro, e os días de turbo en turbo; e así, do pouco durmir e do moito ler secóuselle o cerebro de maneira que veu a perde-lo xuízo. Enchéuselle a fantasía de todo aquilo que lía nos libros, así de encantamentos coma de pendencias, batallas, desafíos, recrebos, amores, tormentas e disparates imposibles; e asentóuselle de tal modo na imaxinación que era verdade toda aquela máquina daquelas soñadas invencións que lía, que para el non había outra historia máis certa no mundo. Dicía el que o Cid Rui Díaz fora moi bo cabaleiro; pero que non tiña que ver co Cabaleiro da Ardente Espada, que de só un revés partira polo medio dous feros e descomunais xigantes. Mellor estaba con Bernardo do Carpio, porque en Roncesvales matara a Roldán o encantado, valéndose da industria de Hércules, cando afogou a Anteo, o fillo da Terra, entre os brazos. Dicía moito ben do xigante Morgante, porque, con ser daquela xeración xigánte, que todos son soberbios e descomedidos, el só era afable e ben criado. Pero, sobre todos, estaba ben con Reinaldos de Montalbán, e máis cando o vía saír do seu castelo e roubar cantos atopaba, e cando alén roubou aquel ídolo de Mahoma que era todo de ouro, segundo dí a súa historia. Dera el, por dar unha man de couces ó traidor de Galalón, á ama que tiña, e aínda á súa sobriña por engadidura.

En efecto, rematado xa o seu xuízo, veu dar no máis estraño pensamento que xamais deu louco no mundo, e foi que lle pareceu conveniente e necesario, así para o aumento da súa honra coma para o servizo da súa república, facerse cabaleiro andante, e marchar por todo o mundo coas súas armas e cabalo a busca-las aventuras e a exercitarse en todo aquilo que el lera que os cabaleiros andantes se exercitaban, desfacendo todo xénero de agravio, e poñéndose en ocasións e perigos onde, acabándoos, cobrase eterno renome e fama. Imaxinábase o pobre xa coroado polo valor do seu brazo, polo menos, do imperio de Trapisonda; e así, con estes tan agradables pensamentos, levado do estraño gusto que neles sentía, deuse présa a poñer en efecto o que

desexaba. E o primeiro que fixo foi limpar unhas armas que foran dos seus bisavós, que, tomadas de ferruxe e cheas de balor, longos séculos había que estaban postas e esquecidas nun recanto. Limpounas e aderezounas o mellor que puido; pero viu que tiñan unha gran falta, e era que non tiñan celada de encaixe, senón capacete simple; mais a isto supliu a súa industria, porque de cartóns fixo unha especie de media celada, que, encaixada co capacete, facían unha aparencia de celada enteira. É verdade que para probar se era forte e podía estar ó risco dunha coitelada, sacou a súa espada e deulle dous golpes, e co primeiro e nun punto desfixo o que fixera nunha semana; e non deixou de parecerlle mal a facilidade con que a fixera anacos, e, por asegurarse deste perigo, volveuna facer de novo poñéndolle unhas barras de ferro por dentro, de tal maneira, que el quedou satisfeito da súa fortaleza e, sen querer facer nova experiencia dela, deputouna e tívooa por celada finísima de encaixe.

Foi logo ve-lo seu rocín, e aínda que tiña máis cuartos ca un real e máis tachas có cabalo de Gonela, que *tantum pellis et ossa fuit*, pareceulle que nin o Bucéfalo de Alexandre nin Babieca o do Cid con el se igualaban. Pasáron-selle catro días en imaxinar que nome lle poñería; porque, segundo se dicía el a si mesmo, non era razón que cabalo de cabaleiro tan famoso, e tan bo el por si, estivese sen nome coñecido; e así, procuraba acomodarllo de maneira que declarase quen fora antes de cabaleiro andante, e o que era entón; pois estaba moi posto en razón que, mudando o seu señor estado, mudase el tamén o nome, e o cobrase famoso e de estrondo, como conviña á nova orde e ó novo exercicio que xa profesaba; e así, despois de moitos nomes que formou, borrou e quitou, engadiu, desfixo e tornou a facer na súa memoria e imaxinación, ó fin veulle a chamar *Rocinante*, nome, ó seu parecer, alto, sonoro e significativo do que fora cando foi rocín, antes do que agora era, que era antes e primeiro de tódolos rocíns do mundo.

Posto nome, e tan ó seu gusto, ó seu cabalo, quixo poñerse outro a si mesmo, e neste pensamento durou outros oito días, e ó cabo veuse a chamar *don Quixote*; de onde, como queda dito, tomaron ocasión os autores desta tan verdadeira historia que, sen dúbida, se debía chamar Quixada, e non Quesada, como outros quixeron dicir. Pero, acordándose que o valeroso Amadís non só se contentara con chamarse Amadís a secas, senón que engadiu o nome do seu reino e patria, por facela famosa, e chamouse Amadís de Gaula, así quixo, como bo cabaleiro, engadir ó seu o nome da súa, e chamarse *don Quixote da Mancha*, co cal ó seu parecer, declaraba moi ó vivo a súa liñaxe e patria, e honrábaa con toma-lo sobrenome dela.

Limpas, pois, as súas armas, feito do capacete celada, posto nome ó seu rocín e confirmándose a si mesmo, deuse a entender que non lle faltaba outra cousa senón buscar unha dama de quen namorarse: porque o cabaleiro andante

sen amores era árbore sen follas e sen froito e corpo sen alma. Dicíase el a si: Se eu, por malos dos meus pecados, ou pola miña boa sorte, me encontro por aí con algún xigante, como de ordinario lles acontece ós cabaleiros andantes, e o derribo dun encontro, ou o parto pola metade do corpo, ou, finalmente, o venzo e o rendo, ¿non será ben ter a quen enviálo presentado, e que entre e se axeonlle perante a miña doce señora, e diga con voz humilde e rendida: “Eu, señora, son o xigante Caraculiambro, señor da ínsula Malindrania, a quen venceu en singular batalla o xamais como se debe louvado cabaleiro don Quixote da Mancha, o cal me mandou que me presentase perante vosa mercede, para que a vosa grandeza dispoña de min ó seu talante”? ¡Ouh, como se folgou o noso bo cabaleiro cando fixo este discurso, e máis cando achou a quen dar nome de dama súa! E foi, ó que se cre, que nun lugar preto do seu había unha moza labradora de moi bo parecer, de quen el andou namorado un tempo, aínda que, segundo se entende, ela xamais o soubo nin se deu conta diso. Chamábase Aldonza Lourenzo, e a esta pareceulle ser ben darlle título de señora dos seus pensamentos; e, buscándolle nome que non desdixese moito do seu e que tirase e se encamiñase ó de princesa e gran señora, veu a chamarlle *Dulcinea do Toboso*, porque era natural do Toboso; nome, ó seu parecer, músico e peregrino e significativo, coma tódolos demais que a el e ás súas cousas puxera.

